

EXPEDIENTE	2022041391
ASUNTO	SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2022
TRÁMITE	INFORME DO SERVIZO DE TURISMO

O Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra ten a necesidade de realizar as seguintes actuacións:

- Publicidade específica de promoción do destino “rías baixas”.
- Gastos de promoción das actividades realizadas no Castelo de Sobroso e campaña do Nadal.
- Elaboración de vídeo para a promoción da Film Commission da provincia de Pontevedra.

Nas aplicacións orzamentarias ás que debe imputarse o gasto non hai crédito suficiente dispoñible e as actuacións non se poden demorar ata o próximo exercicio.

En consecuencia, resulta necesario tramitar un suplemento de crédito co seguinte detalle:

APLICACIÓN		IMPORTE
22/433.4320.226.02	Publicidade e propaganda (promoción do destino “Rías Baixas”)	21.000,00 €
22/433.3363.226.20	Gastos de promoción do Castelo de Sobroso (promoción das actividades e campaña do Nadal)	15.000.00 €
22/433.4320.640.00	Activos intanxibles – (Elaboración de video para a promoción da Film Commission da provincia de Pontevedra)	20.000,00 €

En consecuencia, de conformidade co establecido no artigo 177 do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito descrita mediante un suplemento de crédito, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Ruth González Reyes

Xefa do Servizo



MPN/

**ASUNTO: INFORME SOBRE INCOACCIÓN DE TRAMITACIÓN DUN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA DOTAR ORZAMENTARIAMENTE OS NOVOS INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE MOAÑA**

**ANTECEDENTES**

– No marco do Plan Concellos 2018-2019, mediante Acordo nº 6.27201, de 19 de outubro de 2018, se lle concedeu ao concello de Moaña unha subvención por importe de 263.440,033 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao instrumento de colaboración concertado entre a Deputación Provincial e o referido Concello para a execución do proxecto “*Recuperación do espazo público e mellora da mobilidade na e.p. 1104-Moaña-Coiro*”, expediente nº 2018049964. A concesión se fixo sobre a partida orzamentaria 18/942.9425.765.45 para xerar crédito na partida 456.4530.612.02.

– Con posterioridade asinouse o convenio definitivo de colaboración en data 23/06/2020 para a execución do proxecto “*Recuperación do espazo público e mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 1+200 e 1+780 da EP 1104 Moaña-Coiro (Moaña)*” reducíndose a aportación do concello a cantidade de 207.000,00 euros, circunstancia que se autorizou polo Acordo nº 24.292498 da Xunta de Goberno de data 07/08/2020, recollendo un orzamento de 690.000,00 euros e sendo a aportación da Deputación a contía de 483.000,00 euros.

– En data 22/12/2021 asinouse a Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o concello de Moaña para a execución das obras de “*Recuperación do espazo público e mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 1+200 e 1+780 da E.P. 1104 Moaña-Coiro*”, xa que a Deputación tiña solicitado o 16/10/2020 acollerse ao Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño (BOE nº 144 de 17/06/2017), polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER.

– O Instituto para a Diversificación da Enerxía e Aforro Enerxético (IDAE) notificoulle á Deputación en data 26/11/2021, a Resolución pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda formulada ao abeiro do RD 616/2017, e se lle concede unha subvención de 514.183,34 euros. En consecuencia, seguindo os criterios de actuación nas vías provinciais aprobados polo Pleno da Deputación en sesión de 25/09/2020, a distribución do financiamento é a seguinte:

Organismo	Achega	Porcentaxe
IDAE-FONDOS FEDER	514.183,34 €	74,52 %
Deputación de Pontevedra e Concello de Moaña	175.816,66 €	24,48%
TOTAL OBRAS	690.000,00 €	100%

A contribución da Deputación de Pontevedra e do Concello de Moaña (€) é a que se detalla:

Deputación de Pontevedra	123.071,66 €	70%
--------------------------	--------------	-----

Concello de Moaña	52.745,00 €	30%
TOTAL	175.816,66 €	100%

Recollendo a cláusula Primeira da referida Addenda que o importe de 154.255,00 euros orixinado pola redución da aportación do concello, destinarase a outras finalidades, plans ou convenios para investimentos deste concello de Moaña, a cargo do Plan Concellos que estea vixente cando se acorde a pertinente modificación orzamentaria nos orzamentos da Deputación.

– Mediante rexistro web 202204960 de data 08/02/2022, o concello de Moaña manifesta que a cantidade de 154.255,00 euros irá destinada ao financiamento das novas propostas de inversión, sendo estas as que se indican no seguinte cadro:

Denominación dos Novos Investimentos	Importe do Crédito Orzamentario	Orzamento do novo investimento
“Colector de pluviais en travesía camiño Riazón-Colexio Novo”	45.360,03 €	45.360,03 €
“Proxecto básico e de execución de instalación deportiva para Skaterpark”	41.036,36 €	41.036,36 €
“Proxecto de obras menores para mellora de accesibilidade no parque de Tirán”	19.462,57 €	20.013,40 €
“Proxecto de construción de Pista de Pumptrack en Moaña”	48.396,04 €	48.396,04 €

.- Para facer efectivos estes novos investimentos é preciso a modificación orzamentaria pertinente ao fin de que o crédito orzamentario do Plan Concellos xerado no Servizo de Mobilidade retorne ao Servizo de Cooperación.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

.- De acordo co artigo 147 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LHL), se comprenderán entre as subvencións acordadas polo Estado e as Comunidades Autónomas, conforme ao artigo 40 da mesma lei, a prol das deputacións, as destinadas a financiar os plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, a que se refire o artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 1 de abril.

.- No artigo 177 LHL se desenvolven os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito para o caso de que haxa de realizar algún gasto que non se poida demorar ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado. O expediente haberá de especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que se haxa de financiar no aumento que se propón.

.- O artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira dispón que as políticas de gasto público deberán situarse nun

marco de planificación plurianual e de programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

.- O artigo 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, apunta que a xestión das entidades locais atenderán aos principios de proximidade, eficacia e eficiencia, con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

.- O artigo 1 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, precisa como criterio preferente de lexitimación na xestión dos recursos públicos, o de máxima proximidade á cidadanía.

### **CONSIDERACIÓN FINAL**

Polo exposto, dado que as novas obras para as cales se interesa a modificación orzamentaria son de competencia local ao abeiro do artigo 25.2 da LRBRL, en consecuencia cómpre que se fagan os trámites oportunos para dotar do crédito necesario as aplicacións orzamentarias correspondentes e facer fronte aos novos investimentos.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica  
A xefa do servizo de Cooperación  
Marina Piñeiro Novo

**SR. INTERVENTOR**

## **PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:**

No próximo expediente de modificación de crédito deben incluirse as que a continuación se sinalan:

- 1.- Na aplicación 22/340.3420.629.03 (Material deportivo) incluir un incremento de 50.000,00 €
- 2.- Na aplicación 22/340.3410.227.06 (Estudios e traballos técnicos) incluir 25.000,00 €.

*Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe*



## PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

No próximo expediente de modificación de crédito deben incluirse as que a continuación se detallan:

- 1.- Na aplicación 22/330.3340.226.09 (Gastos diversos, Actividades\_ Cultura) incluír 15.000,00 €.
- 2.- Na aplicación 22/330.3340.226.20 (Gastos de promoción\_Cultura) incluír 80.000,00 € para o patrocinio: Premios Emilia Pardo Bazán
- 3.- Na aplicación 22/330.3340.489.05 incluír unha subvención nominativa para Clásicas y Modernas Asociación para la igualdad de género (CIF: G-85.688.893) por un importe de 45.000,00 € para "I Encontro Internacional Mulleres da escena e creación da rede europea de mulleres da escena"

*Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe*



**ASUNTO:****PROPOSTA PARA SUPLEMENTAR A APLICACIÓN 22/922.9200.220.01, POR IMPORTE DE 20.000,00 EUROS.**

O Pleno da Deputación de Pontevedra na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 17 de decembro de 2021, adoptou o acordo a aprobar definitivamente o orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2022, no que figura a aplicación orzamentaria 22/922.9200.220.01 para facer fronte os gastos de material de oficina, prensa, revistas, libros e outras publicacións, con un crédito inicial de 95.000,00 euros.

O Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio como centro xestor da citada aplicación orzamentaria, foi tramitando as diferentes peticións dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra, nas que figuraban a conformidade dos respectivos Deputados Delegados, o que motivou que para atender todas as demandas formulas polos servizos, tívose que recorrer á vinculación xurídica doutras aplicación do Servizo de Contratación xa que o crédito inicial non era suficiente para atender todas as peticións.

Tendo en conta o establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e para os efectos de regularizar a situación xerada nos créditos das aplicacións que figuran na vinculación xurídica da aplicación 22/922.9200.220.01, así como para poder atender adecuadamente as petición dos diferentes centros e servizos da Deputación nos gastos de material de oficina, prensa, revistas, libros e outras publicacións, e polo que se propón complementar o crédito da aplicación orzamentaria 22/922.9200.220.01, en vinte mil euros (20.000,00 €).

O Xefe do Servizo de Contratación,  
*Asdo.: Pablo Montero Carrera.*

Conforme: O Deputado Delegado,  
*D. Carlos López Font*

*(Documento asinado electrónicamente á marxe)*

**SR. INTERVENTOR.**



<b>EXPEDIENTE</b>	2022041391
<b>ASUNTO</b>	INFORME-PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS PARA SUPLEMENTO DE CRÉDITO 03/2022
<b>DESTINATARIO</b>	INTERVENCIÓN

Ante a necesidade de financiamento para a realización de diversos gastos que non poden demorarse ata o seguinte exercicio orzamentario, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, informo que é necesario realizar un suplemento de crédito co seguinte detalle:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/456.4530.210.00	INFRAESTRUTURA, BENS NATURAIS (REDE PROVINCIAL)	200.000,00 €
	<b>Total.....</b>	<b>200.000,00 €</b>

#### MINORACIÓN PARA INCORPORACIÓN 2022

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/456.4530.612.02.2021	INVESTIMENTOS EN ESTRADAS, CONVENIOS	-200.000,00 €
	<b>Total.....</b>	<b>-200.000,00 €</b>

Considerando o anterior e de conformidade co establecido no artigo 177 do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito descrita mediante un suplemento de crédito.

*Documento datado e asinado dixitalmente á marxe*



## Asunto: SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Manuel Corujo Castro, como xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, informo:

Que esta institución provincial ten posto en marcha, a través deste servizo, unha serie de iniciativas que contribúen a fomentar e mellorar a empregabilidade e a formación dos desempregados de cara a súa futura integración laboral, así como, de xeito indirecto, no desenvolvemento económico da nosa provincia. A Deputación de Pontevedra considera de gran importancia a colaboración con iniciativas que fomenten os intereses da provincia, entre eles as oportunidades de acceso a unha maior cualificación profesional das mozas e mozos da provincia.

Neste sentido, prevese a colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q-1518001A, a través de un proxecto de detección e estímulo do talento precoz nas matemáticas denominado ESTALMAT-GALICIA. Con esta iniciativa, coa que están a colaborar as outras tres deputacións desta comunidade autónoma, contribúese a fomentar e mellorar a futura empregabilidade e a formación dos nenos e nenas da provincia de Pontevedra de cara á súa futura integración laboral, así como, de xeito indirecto, o desenvolvemento económico futuro da nosa provincia. Na actualidade, non existe unha universidade pública de matemáticas na provincia de Pontevedra, a única existente é a Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

O importe desta colaboración ascende a 3.500 euros para o ano 2022 e articularase a través de un convenio de colaboración coa dita universidade.

Ante a necesidade de darlle cobertura a contía asumida con fondos propios por esta deputación provincial e co fin de poder colaborar co referido proxecto, e preciso realizar unha transferencia de crédito o abeiro do establecido nos artigos 179 y 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e segundo o disposto na Base de Execución do Orzamento Provincial 10.3-c), "A presidencia da Corporación ou da Fundación, cando se trate de transferencias dentro da mesma area de gasto e dentro do mesmo centro xestor".

Considerando o anterior, resulta necesario o incremento orzamentario para a realización desta colaboración, sendo necesario realizar un suplemento de **por un importe de 3.500€** e estruturado do seguinte xeito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	MPORTE
22/240.2410.453.94	A universidades, convenios	3.500€
	<b>IMPORTE TOTAL A SUPLEMENTAR</b>	<b>3.500€</b>

O xefe de servizo de promoción de emprego e desenvolvemento local

Asinado electronicamente

## INTERVENCIÓN



## EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA - 2022

### Relación de Operaciones por Partida

14-jun-22

Aplicación Presupuestaria				Núm.Ope.	Siglas	Fecha	Tercero	Endosatario	Descripción	Importe
2022	S	240	2410	48900	2021	A FAMILIAS E, "O TEU PRMEIRO EMPREGO _CONCELLOS				
					202200129894	RC	14/06/2022		C. EXTRA 03/2022, CIVIDAS: 2022041391, FINANCIACIÓN CONV. COA U. SANTIAGO, ACTIVIDADE: ESTALMAT-GALICIA	3.500,00
2022	S	330	3260	48909	2021	A FAMILIAS E INST. SEN FINS LUCRO, ESCOLAS MÚSICA				
					202200129895	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	1.225,05
2022	S	330	3340	48905	2021	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIAS,				
					202200129896	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	66.424,93
2022	S	330	3360	76201	2021	A CONCELLOS, ACTUACIÓNS NO PATRIMONIO H. CULTURAL				
					202200129897	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	6.000,00
2022	S	332	3322	22102	2021	SUBMINISTRO DE GAS				
					202200129898	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	4.554,38
2022	S	332	3322	76200	2020	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS NO PATRIMONIO HISTÓRICO				

Aplicación Presupuestaria		Núm.Ope.	Siglas	Fecha	Tercero	Endosatario	Descripción	Importe
2022	S 332	3322	76200	2020	A CONCELLOS, INVESTIMENTOS NO PATRIMONIO HISTÓRICO			
			202200129899	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	1.724,26
2022	S 332	3322	78901	2021	TRANSFERENCIAS, RECUP. PATRIMONIO MARÍTIMO FLUVIAL			
			202200129900	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	2.361,09
2022	S 340	3410	48904	2021	A FAMILIAS E INST.SEN FINS DE LUCRO, DEPORTE XUVEN			
			202200129901	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	64.177,43
2022	S 340	3410	48920	2021	A FAMILIAS E INST. SEN FINS LUCRO, CLUBS NACIONALE			
			202200129902	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	43.729,29
2022	S 340	3410	48922	2021	A FAMILIAS E INST. SEN FINS LUCRO, A CLUBS NAUTICO			
			202200129903	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	38.783,90
2022	S 340	3410	48923	2021	A FAMILIAS E INST. SEN FINS LUCRO, DEPORTE BASE			
			202200129904	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	23.033,67

Aplicación Presupuestaria		Núm.Ope.	Siglas	Fecha	Tercero	Endosatario	Descripción	Importe
2022	S 433	3360	22100	2021	SUBMINISTRO DE ENERXIA ELECTRICA			
			202200129905	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	22.913,39
2022	S 433	4320	46203	2021	BECARIOS OF. TURISMO, TRANSF. CORRENTES A CONCELLO			
			202200129906	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	5.302,78
2022	S 433	4320	46204	2021	SUBVENCIONS A E. LOCAIS (FESTAS)			
			202200129907	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	8.000,00
2022	S 433	4320	48901	2021	TRANSFERENCIAS VARIAS, TURISMO			
			202200129908	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	2.471,09
2022	S 433	4320	62601	2021	ADQUISICIÓN EQUIPOS PROCESO DE INFORMACIÓN, TURISM			
			202200129909	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	17.312,74
2022	S 456	4530	61202	2021	INVESTIMENTOS - CONVENIOS EN ESTRADAS			
			202200129910	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓNS INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	200.000,00

Aplicación Presupuestaria		Núm.Ope.	Siglas	Fecha	Tercero	Endosatario	Descripción	Importe
2022	S 922	9330	22604	2021	GASTOS XURIDICOS			
			202200129911	RC	14/06/2022		SUPLEMENTO 3/2022, CIVIDAS:2022041391, FINANCIACIÓN CON BAIXAS DE APLICACIÓN INCORPORADAS DO ORZAM. 2021	7.986,00
								519.500,00